

O MATERIAL DE LABORATORIO

No laboratorio atoparás instrumentos, aparatos, e materiais que terás que manipular polo que é recomendable que aprendas os seus nomes e para que serven.

- **Vaso de precipitados.** Emprégase para conter líquidos e adoita ter indicado o volume aproximado.
- **Erlenmeyer** ou matraz cónico. Emprégase para conter líquidos que reaccionan entre si ou para preparar disolucións. Pódese quentar e péchase cuns tapóns especiais aos que se encaixan buretas, termómetros, coadores, etc.
- **Matraz** de fondo redondo. Ten a mesma utilidade que o erlenmeyer pero emprégase cando é necesario quecer de xeito uniforme. Sostende mediante pés ou abrazadeiras apropiadas. Se as reaccións non teñen que quentarse resulta máis cómodo un matraz de fondo plano.
- **Probeta.** Úsase para medir o volume aproximado dos líquidos.
- **Embude.** Úsase para separar sólidos de líquidos por filtración. O papel de filtro colócase no interior do coador.
- **Pipeta.** Emprégase para medir volumes exactos de líquidos. Existen de varios tamaños segundo os diferentes volumes.
- **Bureta.** Emprégase para engadir volumes moi precisos de líquidos. A chave permite graduar a caída do líquido en forma de goteo.
- **Chisqueiro Bunsen.** Úsase para proporcionar calor. Ten un orificio para controlar a entrada de aire e permite controlar a temperatura da chama. Cando o buraco está pechado a chama e do cor amarela; cando está aberto e de cor azul. Canto máis azul sexa a chama máis calor producirá.
- **Trípode e rexa.** Empréganse para quentar recipientes. Estes colócanse sobre a rexa, e o chisqueiro debaixo do trípode.
- **Tubo de ensaio.** Emprégase para conter as substancias nas reaccións químicas sinxelas. Se é necesario quentalos non se deben suxeitar cos dedos, senón empregar unha pinza de madeira para tubo de ensaio.
- **Gradilla.** Úsase para suxeitar varios tubos de ensaio en posición vertical.
- **Espátula.** Emprégase para recoller pequenas cantidades dun sólido.
- **Axitadores.** Varas de vidro para mesturar ben as substancias.
- **Morteiro.** Utilízase para triturar substancias. Pode ser de vidro ou porcelana.
- **Cubeta de disección.** Recipiente de plástico onde se deposita a peza para diseccionar.
- **Estoxo de disección.** Contén utensilios necesarios para a disección como tesoiras, bisturí, lanceta, pinzas e punzón.